



PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL

FUXE SEN MIRAR PARA ATRÁS

LUIS LEANTE

rodeira

periscopio

FUXE SEN MIRAR PARA ATRÁS

PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL

LUIS LEANTE

FUXE SEN MIRAR PARA ATRÁS

PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL



rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil segundo a resolución do xurado formado por: Javier Brines, Anna Gasol, Rosa Navarro Durán, Robert Saladrigas e Care Santos.

© Luis Leante, 2016

© Ed. Gal.: rodeira, 2016
Rúa Rafael Alberti, n.º 11, baixo
15008 A Coruña
www.edebe.com

Atención ao cliente: 902 44 44 41
contacta@edebe.net

Directora da colección: Reina Duarte
Editora: Elena Valencia
Fotografía da cuberta: Shutterstock
© *Tradución:* Ricardo Fernández Sabín

Primeira edición, marzo 2016

ISBN 978-84-8349-505-6
Depósito Legal: B. 4501-2016
Impreso en España
Printed in Spain

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

A Candelas

Capítulo un

Son tantas as cousas que che quero dicir que non sei por onde empezar. Ademais, resúltame estraño facelo, sobre todo, porque sei que nunca as vas ler. Iso é o que máis me entristece e me fai dubidar.

Vítor di que non se me dá mal escribir: contar historias e todo iso. Non sei se será verdade ou se o di para me dar ánimos. Mamá tamén pensa que se me dá ben. Pero ela non leu case nada do que eu escribo, creo; unicamente as redaccións e cousas así que me mandan no instituto. É no único en que saco boas notas, ademais de Educación Física. Por iso, leva tempo animándome a que escriba todo o que me pasou nos últimos meses, ou nos últimos anos, segundo se mire.

O que de verdade se me dá ben —modestia á parte— é o judo. Imaxino que isto non te sorprenderá porque, segundo fun descubriendo co tempo, ti tamén o practicabas. Vin algunhas fotografías túas, aínda que na casa non hai moitas, esa é a verdade. Di mamá que non che gustaba nada saír nas fotos. A min tampouco me gusta. Prefiro facelas eu. Hai unha na que apareces co teu *judogi* e cunha medalla na man que acababas de gañar nalgunha competición, imaxino. Din que eras moi bo

e que gañaches varios campionatos. Por desgraza, eu non o lembro. Borráronseme os recordos daqueles anos ou, mellor dito, borráronseme os recordos que debería ter de ti, que non é o mesmo.

O que me pasa é algo moi raro: vexo as poucas fotos que ten mamá, escoito a Vítor falar de tí, pero non lembro estar nunca contigo. É coma se me falasen dun estraño. Non teño imaxes da túa cara, nin recordos da túa voz, nin de nada que garde relación contigo. Ás veces invento situacións. É unha forma parva de enganarme, ben o sei. Acórdome de moitas cousas que, segundo din mamá e a avoa, faciamos xuntos ti e mais eu, pero ti non apareces neses recordos. Desapareciaches. Segundo o «especialista» —así é como lle chama mamá—, cando che sucedeu «aquilo», eu sufrín un choque tremendo e, a partir dese día, a miña mente decidiu, pola súa conta, seleccionar as cousas que me facían dano e as que non. E as primeiras borrounas todas, ou case todas. Non sei se o que me pasa é bo ou malo, pero, segundo di o «especialista», o que me pasou aforroume moitos sufrimentos. Que saberá el!

Supoño que é por iso polo que tamén tiveron problemas nos estudos. Digo «tamén» porque hai unhas cantas cousas máis que non me foron alá moi ben desde que ti non estás. Para que te fagas unha idea, con quince anos tería que estar en cuarto de ESO e aínda estou en segundo. Si, xa ves!, repetín un ano en primaria e outro en secundaria. A xente da miña idade vai empezar bacharelato o próximo curso, pero eu terei que seguir un par de anos máis con estes novos amigos que me veñen un pouco pequenos, incluso polo seu tamaño.

E isto non o digo con desprezo, enténdeme ben. Trato de levalo con humor. O que pasa é que me dá rabia ver como vou quedando descolgado dos colegas de sempre, porque eles están xa noutra onda. E, ademais, o cambio de instituto prexudicoume moito, aínda que mamá non queira recoñecelo.

O que quería dicirche é que quedei descolgado de moitas cousas. As rapazas da miña clase teñen dous anos menos ca min. Véxoas demasiado infantís. E as que de verdade me gustan van dous cursos por diante, ou tres. Aínda que non din nada cando estou con elas, eu sei que me miran como o repetidor, o que quedou no piso de abaixo. En certa ocasión Carolina, que está en cuarto, díxome: «É que ti es problemático». Se mo dixese outra, mandaríaa a paseo, por dicilo con delicadeza, pero Carolina gustábame. E doeume aquilo que me dixó. O psicopedagogo do instituto tratou de convencerme moitas veces de que iso non é así, que os amigos —«tamén as rapazas», puntualiza— me aprecian e que non debo sentirme marxinado. Pregúntome eu que saberá un *comecocos* de marxinacións e historias semellantes. Para comezar, repetiu el dous cursos en cinco anos, como fixen eu? Claro que non. Pregunteillo un día e confesoume que el fora un bo estudante. Seguramente estudou toda a vida cos amigos que fixo en primaria, foi á universidade e casou con algunha compañeira de clase, como todos os da súa profesión. Iso é o que di Vítor, que os *comecocos* casan con outros *comecocos* porque sempre están falando do mesmo e non hai quen os aguante non sendo alguén coma eles mesmos. Vítor é do que non hai. Non sei se te lembras

de Vítor Salcedo. El di que se lembra bastante de ti, e iso dáme moita envexa. E tamén rabia, porque eu non podo loitar contra esa puta falta de memoria.

Perdoa, non quería dicir bocaladas. Prometinlle a mamá que non as vou dicir. O das groserías é unha das cousas que peor leva. Di que antes eu non as dicía, e que a ti che molestaba moito que a xente falase así. Eu aínda as utilizo bastante, é verdade, pero cada día trato de cortarme máis. Xa o teño case controlado.

A miña relación con mamá non foi precisamente moi boa nestes últimos cinco anos. Sei que isto non che vai gustar sabelo, pero é a verdade. Na miña defensa podo dicir que agora as cousas están cambiando. Si, desde hai un par de meses, máis ou menos. Fíxena sufrir moito, pero tamén eu sufrín nestes anos; ao principio, cheguei a botarlle a culpa a todo o mundo, porque pensaba que non entendían o que me estaba pasando. Agora sei que a culpa non é de ninguén. Ou mellor dito, é da vida, que ás veces nos fai cabronadas. Poñer «cabronada» non é unha bocalada. Aparecía nun libro que nos mandaron ler no instituto para facer un traballo. E, se está escrito nun libro, non pode estar mal dito. O que quero dicir é que agora sei que mamá non ten a culpa de nada do que me pasou nestes últimos anos. Se cadra, a súa única culpa foi estar demasiado encima de todo o que eu facía. Ás veces resultaba cargante. «Henrique, chámame cando chegues á casa». «Henrique, ponte a facer os deberes». «Henrique, hai vida máis alá do judo». «Henrique, ti antes non eras así». «Henrique, tesme preocupada». Creo que agora mamá tamén está cambiando, coma min, porque os dous conseguimos

entender moitas cousas que antes non entendiamos. Iso é o que creo.

Ela segue co seu traballo como asistente social. Niso non cambiou nada. Pero xa hai tempo que non vivimos en Madrid, porque di mamá que aquela casa estaba demasiado cargada de recordos. Recordos? É curioso, que recordos? Serían os seus, por suposto, porque os meus case non existen. Eu sempre lle reprochei a mamá que cambiásemos de casa, porque penso que, de seguir alí, ao mellor as cousas eran distintas. Ao principio, cando che pasou «aquilo», fomos vivir coa avoa. Segundo di mamá, ía ser por un tempo, pero ese tempo converteuse en dous ou tres anos, porque ela non quería volver á casa. Despois, viñemos para Coslada, xa que mamá quería empezar unha nova vida. A min non me preguntou se eu tamén quería empezar unha nova vida ou cambiar de instituto. Non imaxinas cantas veces discutimos por iso. Eu dígolle que, para empezar de novo, é necesario algo máis que desprazarse uns cantos quilómetros, moito máis ca iso, porque o resto da súa vida segue sendo exactamente igual: do traballo á casa e da casa ao traballo. Unha vez á semana imos visitar a avoa a Madrid, e pouco máis. Agora vivimos nunha casa de dúas plantas, que se supón que é moi bonita —e non digo que non o sexa—, con bufarda e un pequeno xardín. Ten, ademais, un garaxe, onde caben dous coches, aínda que só temos un. En fin, non sei se a ti che gustaría esta casa. A min nin me gusta nin me desgusta, porque case non me lembro de como era a nosa casa de antes e non as podó comparar.

Di mamá que cando che pasou «aquilo» caín nunha depresión. A min paréceme que esaxera. Non sei se a un neno de dez anos lle pode pasar algo así. O que si sei é que os estudos deixaron de interesarme. Ao parecer, ata entón era un bo estudante, incluso mellor ca Vítor. Dábanseme ben as Matemáticas, pero o que máis me gustaba era a Lingua. E o deporte, claro! No do deporte son igual ca ti. Pero empecei a pasar de todo, menos do judo. Para mamá foi moi traumático, porque as cousas ocorreron moi rápido. Non digo que fose da noite para a mañá, pero si que sucedeu todo moi seguido.

Cando cumprín once anos, mamá levoume ao «especialista», un *comecocos* que alguén lle recomendou. Vaia recomendación! Eu dicíalle para enfadala que, se o buscase por Internet, non sería tan malo nin tan caro, porque gastou nel un pastón. Estaba moi preocupada por min. En pouco tempo non só perdín o interese polo colexio, senón que tamén deixei de comer, e empecei a ter pesadelos horribles e convertínme nun auténtico encordio para os amigos. Eu facía as cousas sen medir as consecuencias. Esa expresión ensinouma o «especialista». Sempre me dicía que tiña que aprender a medir as consecuencias, e eu esmendrellábame de risa ao imaxinarme, cunha cinta métrica, correndo todo o día de aquí para alá detrás das consecuencias para medilas. Non me digas que aquel home tan serio e tan estirado non era, no fondo, un chistoso, aínda que, desde logo, moi no fondo.

Un día, en quinto de primaria, collín da mesa o teléfono móbil de Pilar de Paulo, a mestra de *Coñe*, e tireillo á cunca do váter. Armouse unha boa! Chamaron a mamá

ao traballo e tivo que vir ao colexio ás carreiras. Todos se puxeron feitos unha furia comigo e eu non entendía por que. Agora doume conta da parvada que fixen, pero nese momento parecíame do máis normal. Sentía que o mundo ía por un lado e eu por outro. Ademais, Pilar quería-me moito, e eu tamén a quería. Cando me deu clase en terceiro, púxome sobresaliente. O director do cole e mamá non facían máis que preguntarme por que fixera aquilo co móbil, e eu encollía os ombreiros. E por que non ía facelo?, preguntábame eu. Era coma se os teléfonos móbiles dos mestres estivesen aí para que alguén coma min os collese e os guindase ao váter. Non podía entender cal era o problema. O «especialista», que debía ser o tipo máis listo do mundo —dígoo con ironía, pero aquí non quedarían ben unhas emoticonas—, díxolle a mamá que eu me comportaba así porque era unha forma de chamar a atención, ou de pedir axuda, xa non me acordo moi ben. Vaia tío listo!

Recoñezo que lle fixen perder a paciencia moitas veces a mamá. Pero debo confesar que non me sinto orgulloso diso.

Unha vez, no patio do instituto, deille unha puñada a Vítor Salcedo no queixelo, e caeu redondo ao chan. Mareouse e empezou a dicir cousas sen sentido. Eu pensei nese momento que estaba facendo teatro, pero, cando vin a cara con que me miraban todos, entendín que me pasara un mundo coa puñada. Ademais, a man doíame moito. Mira ti, o pobre Vítor, co amigos que eramos desde nenos. E seguímolo sendo, a pesar de que el agora vai dous cursos por diante de min e de que eu cambiei de instituto.

O da puñada foi por unha parvada. Non me lembro de que estabamos falando; de fútbol, creo. E Vítor levoume a contraria en algo, non sei, seguramente unha idiotéz. O caso é que empecei a alterarme, e el díxome «pero que che pasa, rapaz, non te poñas así, tranquilo». Repetiuno dúas ou tres veces, e canto máis me dicía que me tranquilizase, máis furioso me poñía eu. Entón, ao verme tan alterado, pedíume perdón. E eu, no canto de lle dar a man, cabreeime aínda máis, ata que Vítor me colleu polo ombreiro e me dixo «tranquilo, tío, que non pasa nada». Eu aparteille a man con rabia e berreille «non me toques! Que non me toques!», moi alterado. E Vítor abriu os brazos e dixo «que pasa?, vasmе pegar?». E iso foi precisamente o que fixen. Pero foi sen pensalo, douche a miña palabra de que foi así. Levantei o puño e pegueille unha puñada no queixelo con todas as miñas forzas. Non podes nin imaxinar o que me doía despois a man. O que si poderás imaxinar é a sorpresa que levou o pobre Vítor e o que debeu doerlle a el. Caeu ao chan coma se fose un saco medio baleiro. Os demais alumnos empezaron a berrarme «animal» e cousas polo estilo. Canto máis me berraban, máis me cabreaba eu. Ao final chamaron o profesor de garda e, como non me tranquilizaba, viñeron outros dous e leváronme ao despacho do director.

Non me sinto orgulloso do que fixen, a verdade. Ao contrario, sinto vergonza cada vez que me acordo. Vítor era o meu mellor amigo. Por sorte, aínda o segue sendo. Pero houbo moitos que me viraron as costas desde aquel día. Agora entendo que o fixesen. Fun un animal, tiñan razón. Pero eu daquela non o vía así. Ao

contrario, parecíame que eles eran uns frouxos e uns cagainas. O alboroto foi enorme, coma o do móbil de Pilar de Paulo ou incluso peor, porque eu xa non era precisamente un neno. Abríronme un expediente e expulsáronme dúas semanas do instituto. Nun primeiro momento alegreime de estar dúas semanas sen clase. Pero axiña comprendín que saíra perdendo. Os profesores mandábanme deberes para a casa, e mamá obrigábame a facelos. Aínda que de mala gana, acabei por facelos para non discutir con ela.

Pouco despois de pegarlle aquela puñada a Vítor, estaba completamente arrepentido do que fixera. Iso era algo que antes me pasaba con frecuencia, que, cando me cabreaba con alguén, cada vez sacaba máis peito e, despois, desinchábame coma un globo e odiábame polo que facía ou polo que dicía. Buscaba problemas dunha forma absurda. Segundo o «especialista», padecía un trastorno da autoestima. Pensaba que era inferior aos demais, dicía o listo aquel. Eu trataba de explicarlle a mamá que non me sentía inferior, senón diferente. Agora doume conta de que eran as dúas cousas.

Cando cumprín as dúas semanas de expulsión, regresei moi avergonzado ao instituto. Quería pedirlle perdón a Vítor, pero non me atrevía. Supoño que me daba medo que me dixese «vai rañala», ou algo así. Vía a Vítor no recreo, de lonxe, cos seus compañeiros de clase, e dábame pánico achegarme a el. O certo é que me sentía unha merdiña. Supoño que iso da autoestima será sentirse como eu me sentía neses momentos, non o sei. Aos dous ou tres días Vítor achegouse a min e díxome «que pasa, rapaz», e eu contesteille «pois nada,

tío, xa ves, feito un trapo». E entón pedíume perdón. Así como cho digo: foi Vítor quen me pediu perdón no canto de pedírllo eu a el. O mundo ao revés, pensei. Abrazámonos e empecei a chorar. E el non facía máis que dicirme «tranquilo, tío, que non pasa nada». Pero si pasaba, por suposto que pasaba. Entón díxenlle «prométeme unha cousa». E el miroume e, sen preguntar nada, respondeume «prometido». «Prométeme que non lle vas contar a ninguén que me viches chorar». E Vítor dixo «ah, pero estás chorando?, pensaba que rías». E entón finxín que lle daba unha puñada no queixelo, e el fixo coma se caese cara a atrás moi amodo, coma a cámara lenta, e empezamos a rir os dous. Despois dun anaco, dixo «ves como estabas rindo, tío?». Foi xenial.

Por sorte para min, Vítor Salcedo segue sendo a día de hoxe o meu mellor amigo, aínda que nos separen tantas cousas. Vémonos menos do que nos gustaría porque, ao mudarnos a Coslada, tiven que cambiar de instituto, xa cho dixeran, pero cando nos xuntamos é coma se estivésemos aínda en infantil, co babeiro posto e tomando aquel noxento puré que me provocaba ganas de vomitar. Mira ti como é, acórdome deses detalles, do puré e duns babeiros de raias verdes que nos poñían no comedor, pero non me acordo de ti cando me deixabas na porta do colexio e botabas un anaco falando co conserxe, ou cando viñas recollerme. Vítor si se acorda, e por iso coñezo algúns detalles desa época. Di que algunhas veces nos levabas para a casa e que no coche nos contabas chistes para nenos de catro anos. Hai chistes para cativos de catro anos? Supoño que, se Vítor o di, será verdade. Non teño ningún motivo para dúbida da súa palabra.

Cando pasou aquilo da puñada a Vítor, a mamá afectoulle moito. Ela trataba de entender o que me estaba sucedendo, pero non lle resultaba fácil, ben o sei. Estes últimos cinco anos foron moi duros para ela, e recoñezo a miña parte de culpa. Ocorríame unha cousa estraña: canto máis a vía sufrir por min, máis sentía a necesidade de lle facer dano. Non era exactamente facerlle dano, senón tensar a corda para ver canto aguantaba ela, coma se necesitase que me demostrase o que era capaz de facer por min. Mamá sempre pensou que os meus problemas se podían solucionar falando. E eu cheguei a fartarme de tanta charla en plan coleguiñas. Non sei a cantos cursos e cursiños iría mamá nos últimos anos, pero podo asegurarche que foron moitos. E todo para intentar entenderme, coma se necesitase un manual de instrucións que os fillos non traemos de fábrica. Se había un curso sobre educación dos fillos, alá ía ela coma unha colexiala. Se había charlas sobre drogadicción, mamá apuntábase e aparecía co seu caderno azul para tomar apuntamentos. A min dábame moita rabia. Sobre todo o das drogas, porque eu endexamais me metín nesa merda, aínda que a tivese moitas veces ao alcance da man. E co alcohol, o mesmo. Eu dicíallo, e ela facía coma que escoitaba, pero ao final sempre me contestaba o mesmo: «Ben, esa información non me virá mal». Mamá sempre vía perigos por todas as partes, aínda que eu pasase as tardes adestrando no ximnasio.

O judo foi o meu mellor amigo —despois de Vítor— nos últimos anos. En xeral, gústanme todos os deportes, e case todos se me dan ben. Antes dos dez anos quería ser futbolista, como lle ocorre á maioría. Tamén estiven

un tempo co baloncesto. Pero, polo visto, fuches ti quen me meteu no mundo do judo aos oito anos, creo. Eu lembro moitas cousas: o primeiro adestrador, o primeiro ximnasio, o primeiro cinto, en fin, todo iso. Pero non te recordo sentado xunto ao tatami véndome adestrar, aínda que mamá conta que pasabas horas e horas alí. Tampouco recordo cando practicaba contigo. O que si recordo é que, a partir dos dez anos, tomei o do judo moi en serio. E así continúo.

Mamá nunca se atreveu a prohibirme o judo, aínda que estivo bastante preocupada durante anos pola cantidade de tempo que lle dedicaba. Ela sempre me levaba aos adestramentos e me recollía; acompañábame ás competicións; comprábame equipamento novo cando medraba e me quedaba pequeno o *judogi*. Incluso creo que se sentía orgullosa de min cando ascendía de categoría. O judo é o único no que fun constante durante os últimos cinco anos. Mamá sábeo e por iso non mo botou demasiado en cara, aínda que, de cando en vez, se lle escapaba —xa hai tempo que non llas escoito— algunha das súas famosas frases: «Se lle dedicases ao estudo o mesmo tempo que lle dedicas ao judo, outro galo nos cantaría». Esa dos galos foi durante moito tempo a súa frase favorita. Agora xa non a di tanto.

Algunhas veces mamá sentaba comigo e preguntábame se non pensara nunca no meu futuro. E eu dicíalle que non, que iso do futuro era para a xente maior. Ela trataba de convencerme de que estaba equivocado e dicíame que, do que se sementa, se recolle e outras cousas polo estilo. Por algunha parte teño unha listaxe das súas frases míticas. Eses discursiños facíanme moita

graza ao principio. Despois deixaron de facerme. Un día que estabamos na cociña preguntoume:

—Que che gustaría ser de maior?

Eu respondiulle ao momento:

—Policía.

Díxenlle o primeiro que me veu á cabeza, sen pensalo. Mamá quedou calada un bo anaco e, cando me mirou, tiña os ollos arrasados en lágrimas. Entón entendín que choraba por ti.

—Que che pasa? Non queres que sexa policía?

E ela respondeume:

—Quero que sexas o que ti decidas ser.

Pero non era verdade. Eu sei que a ela non lle fixo ningunha graza. E estou seguro de que estaba pensando en ti, «naquilo» que che sucedeu e do que nunca me falaba, e non quería que o seu único fillo acabase así.

En certa ocasión, ao pouco de vivir en Coslada, entrei no seu dormitorio para buscar algo e abrín o armario. Alí estaba o teu uniforme, metido nunha bolsa de plástico. Nunca o vira, ou non o recordaba. Tamén encontrei a gorra e outras cousas túas nunha caixa. Quedei observándoo todo coma se vise unha pantasma. Seguramente estiven moito tempo alí cravado, sen moverme, porque, cando mamá me encontrou, eu estaba cos ollos moi abertos e coa mirada perdida, coma se estivese desorientado. Ao verme, pegou un berro que me sacou do apuramento:

—Que estás facendo? Cerra inmediatamente o armario!

Asusteime moito e o corazón empezou a latexar a cen por hora. Faltábame o aire, e tiven que sentar na

cama porque estaba mareado. Mamá seguiu berrando, máis asustada ca min.

—Que che pasa? —repetía unha e outra vez, alarmada—. Estás ben, Henrique? Polo que máis queiras, fárame, dime algo.

Eu non podía falar. Movía a boca e non me saían as palabras. Segundo mamá, perdín o coñecemento, aínda que eu creo que simplemente quedei adurmiñado polo susto ao oíla berrar e polo cansazo do adestramento daquela tarde. Cando espertei, estaba nunha padiola no Servizo de Urgencias. O médico deulle un nome técnico ao que me pasou. Nin me lembro nin me interesa lembrar o termo que empregou. Mandáronme repouso e unhas vitaminas. Ou iso é o que eu creo, que eran unhas vitaminas. Unhas cápsulas vermellas que parecían de plástico e que me custaba traballo tragar. Ao cabo duns días, cando pensei que xa estaba preparado para me enfrontar á realidade, entrei no dormitorio de mamá, pero o teu uniforme e as túas cousas xa non estaban alí. Busquei noutros armarios da casa e na bufarda. Nin rastro. Mamá e mais eu non falamos xamais daquel incidente ata hai un par de meses, cando as cousas cambiaron e, dalgún xeito, empezou a nosa reconciliación.

Non, non era verdade que eu quixese ser policía. Non me gustan as armas nin os uniformes; non me gusta o risco nin a violencia. Ben, no cine si, pero non na realidade. Por culpa de todo iso ti xa non estás conosco. O que me gusta é o deporte. Todos os deportes e non só o judo, xa cho dixeran. Gústame a competición e gústame gañar, pero non me veño abaixo cando perdo, porque reconezo que o outro foi mellor ca min.

Dedicarse a calquera deporte e vivir profesionalmente del é moi duro. Non son unicamente os adestramentos, senón tamén a mentalización e a renuncia a moitas cousas que fai a xente da túa idade. Creo que non é iso o que quero. A competición gústame, pero o que máis me estimula é competir comigo mesmo: poñerme retos e intentar superalos. E agora confesareiche o que me gusta de verdade. Se puidese, sería xornalista deportivo. Tan só llo contei a mamá e a Vítor. Ben, tamén a Teisa e a algúns dos seus amigos. Se non o vou contando por aí é porque teño medo de que se rían de min. «Como vas ser ti xornalista se non es capaz nin de aprobar a ESO? Para ser xornalista hai que estudar duro. De ilusións tamén se vive...», e cousas polo estilo. Segundo mamá, aínda estou a tempo de emendarme nos estudos. Non sei se o di para contentarme ou se realmente o pensa. Pero agora estou disposto a loitar polo que me gusta, aínda que o leve medio en segredo. Creo que a ti che gustaría que o fixese.